



CONVOCATORIA DA BOLSA SANTANDER EXCELENCIA 360º CURSO 2024/25

RESOLUCION DEFINITIVA DE ADXUDICACIÓN DA BOLSA, LISTAXE DE AGARDA E SOLICITUDES DENEGADAS

De acordo co establecido no artigo 10 da convocatoria dunha bolsa Santander Excelencia 360º 2025 para o curso 2024/25, a Comisión de Selección reunida o día 11/06/2025 para valorar as alegacións presentadas á Resolución Provisional de solicitudes admitidas e excluídas a trámite publicada o 03/06/2025, acordou:

1º.- Desestimar as seguintes alegacións:

- Alaéz Ayán, Raquel
- Fraile Somoza, Ana
- Rodríguez Miñambres, Andrea

2º.- Publicar a listaxe definitiva, que figura no Anexo I, coa persoa beneficiaria da bolsa, a listaxe de agarda e a relación de solicitudes denegadas, coa mención da causa da denegación.

Para a aceptación da bolsa de Excelencia 360º 2025, **no prazo de cinco días hábiles** que contarán dende o día seguinte ao da publicación desta resolución na Sede Electrónica da UDC, a persoa beneficiaria deberá:

1. Manifestar a aceptación da percepción do importe concedido. Para iso deberá cubrir e asinar o Anexo II que figura nesa resolución e remitila ao correo electrónico bolsas@udc.gal,
2. Aceptar a bolsa de Excelencia 360º 2025 na plataforma do Banco Santander a través da seguinte ligazón:
<https://app.santanderopenacademy.com/es/program/excelencia-360o-2025>.
3. Tramitar a alta de datos bancarios (alta de terceiros) na Sede Electrónica da UDC, no que se indicará unha conta bancaria ao seu nome, para que a Universidade lle realice a transferencia. Este procedemento realizarase a través da seguinte ligazón: https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO_003/xestion_terceiros/new

Terá que subir un documento xustificativo do número de conta para o alta e outro arquivo coa copia do documento de identificación, sendo soamente válidos DNI ou NIE. No caso de xa ter unha conta dada de alta na base de datos de terceiros, non será necesario realizar de novo este trámite.

No caso de non presentar a aceptación dentro do prazo indicado, entenderase que a persoa proposta renuncia de forma voluntaria á concesión da bolsa de Excelencia 360º 2025. No caso de renuncia, proporase para a bolsa a outra persoa beneficiaria segundo a listaxe de agarda.



Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpor un recurso de reposición ante o Reitor, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A presidenta da Comisión de Selección, no lugar e data da sinatura dixital

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade
María José Lombardía Cortiña

ANEXO I**Adxudicación Bolsa Santander Excelencia 360° 2025**

Apelidos e nome	PUNTUACIÓN TOTAL
Martínez González, Alfonso	11,7414

Listaxe de agarda Bolsa Santander Excelencia 360° 2025

Apelidos e nome	PUNTUACIÓN TOTAL
Fraile Somoza, Ana	10,6872
Ramírez Valdés, Alejandro	10,2514
Bugallo Carballo, Clara	9,5441
García Sixto, Iria	9,5200
González Ramos, Alba	9,3586
Prieto Ramudo, Lucía	9,2194
Peón Pena, Claudia	9,1514
Aláez Ayán, Raquel	9,0559
Meana Ramón, Andrea	8,9224
García Peón, Nerea	8,7213
Milán Camacho, Melissa	8,5257
Turiel García, Beatriz	8,5171

Listaxe de solicitudes excluídas Bolsa Excelencia 360° 2025

Apelidos	Causa exclusión*
Arias Gabriel, Sara	1
Bueno Portela, Silvia	3,5
Diéguez Cofán, Izam	1,3,4,5
Fernández Blanco, Sergio	3,4
Gallardo Castaño, Sandra	3
Orellana Vásquez,, Daniela	5
Rey Silva, Iria	1,3
Stuchynska, Karina	1,3,4,5
Torres García, Paula	3
Ybarra Bajalque, Sebastián	1,3,4,5

***Causas de exclusión:**

- 1.- Non estar rexistrado na plataforma de bolsas do Banco Santander na convocatoria específica para esta bolsa (artigo 5.1.b da convocatoria).
- 2.- Non estar ao corrente do pago dos prezos públicos (artigo 3.1.a da convocatoria).
- 3.- Non ter unha nota media igual ou superior a 8,5 puntos sobre 10 (artigo 3.1.b da convocatoria).
- 4.- Non ter superado un mínimo de 180 créditos (artigo 3.1.b da convocatoria).
- 5.- Non estar matriculado nun grao no curso 2024/25 na Universidade da Coruña, a tempo completo, de todos os créditos que restan para finalizar a titulación (artigo 3.1.a da convocatoria).

ANEXO II

BOLSA SANTANDER EXCELENCIA 360° 2025	ACEPTACIÓN DA BOLSA POLO ESTUDANTADO
---	---

DATOS DO ESTUDANTADO		
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DNI/NIE		
TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

EXPOÑO

1. Que con data do 31/03/2025, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña a Resolución reitoral pola que se convoca a Bolsa Santander Excelencia 360° 2025
2. Que, en virtude do anterior, resulto proposto para a Bolsa Santander Excelencia 360° 2025, para o curso 2024/25
3. Que acepto a proposta para todos os efectos previstos na convocatoria desta bolsa
4. Que autorizo a que se me ingrese o seu importe na conta bancaria indicada no trámite de alta de datos bancarios a través da sede electrónica.
5. DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que son certos todos os datos contidos nesta declaración.

A Coruña, de xuño de 2025

Asdo.